

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 27.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 27 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 28155 (10/CPC-000046)
Da Sra. directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por petición propia, para informar da posta en marcha do novo recurso de protección específico (Centro Montealegre)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 23310 (10/POC-003843)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia por parte da mocidade e o grao de execución da Lei 11/2010, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 2.2 26562 (10/POC-004329)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á posta en marcha no Hospital de Verín dunha unidade de hospitalización a domicilio (hado), a reapertura da Unidade de Coidados Paliativos e o establecemento da base do 061 nese hospital, así como o futuro do Servizo de Pediatría tras a xubilación do actual pediatra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018
- 2.3 27570 (10/POC-004457)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación coa incidencia dos recortes levados a cabo polo Goberno central no servizo de atención sanitaria do aeroporto de Lavacolla, de Santiago de Compostela, os datos referidos ao seu funcionamento e á garantía da súa



cobertura de xeito continuado os 365 días do ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/03/2018 16:43:10

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 28155(10/CPC-000046)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización
Demográfica, por petición propia, para informar da posta en
marcha do novo recurso de protección específico (Centro
Montealegre)

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
19 MAR. 2018
Núm. 28155

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
19 MAR. 2018
SAIDA
Núm. 91

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para informar da “**posta en marcha do novo recurso de protección específico (Centro Montealegre)**”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Añadido por: GARCÍA, SENORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 19/03/2018 14:32:20

QVE: m1j4c9mz1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/qve>



Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 23310(10/POC-003843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia por parte da mocidade e o grao de execución da Lei 11/2010, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O consumo de alcohol por parte de mozos e mozas ten sido motivo de regulacións e intervencións diversas nos últimos anos, mais as realidades amosan que este non é un problema resolto. Os problemas asociados aos consumos elevados en curtos espazos, producidos especialmente en contornos urbanas, son de carácter grave, como veñen alertando os especialistas, tanto a nivel cardiovascular, hepático ou neurolóxico. As idades medias da xuventude que participa das actividades dirixidas ao consumo de alcohol (botellóns), ou que o consume de maneira asociada ao ocio, vén amosándose cada vez máis reducida. A idade media de inicio de consumo sitúase agora mesmo por debaixo dos 14 anos, o que constitúe un motivo de preocupación.

Fronte a este problema, a Xunta de Galicia promoveu a Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, que se formulou dous tipos de obxectivos: intervencións regulamentarias e accións educativas.

As cuestións regulamentarias teñen amosado unha eficacia mellorable. A prohibición da venda de alcohol a menores é aínda un obxectivo a conquistar en moitos casos, existindo neles un certo consentimento contextual sobre esta cuestión; o control sobre o consumo na vía pública, sendo difícil, non recibe toda a atención merecida polas administracións. Estes dous aspectos, como outros, amosan un déficit no cumprimento da lei e o seu seguimento.

Pola outra banda, a citada lei menciona como primeiro obxectivo: *definir as características que deberán ter as estratexias de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, de educación sanitaria e de concienciación, social e das familias, do grave problema xerado por estes*



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

consumos. Dentro deste aspecto, deseñáronse liñas estratéxicas nos eidos escolar, familiar, comunitario e sanitario.

Recentes datos amosan que a realidade segue superando ás intencións expresadas na lei, e o problema do consumo de alcohol e menores de idade segue a ser claramente problemático, con casos graves que teñen que atender os servizos de emerxencias da nosa comunidade a través do 061, ou nas unidades de urxencias dos hospitais. Este propio servizo ofreceu datos de máis de 400 casos no que vai deste ano 2016. Sendo menores que os 800 rexistrados no ano anterior á lei, segue a ser un número moi relevante. A valedora do pobo interveu nas últimas datas sobre esta problemática, chamando ás administracións a implicarse na resolución deste problema.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que os datos recentemente coñecidos amosan unha situación preocupante sobre o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia por parte de mozos e mozas?
2. Que grao de cumprimento da Lei 11/2010 considera a Xunta de Galicia que se ten alcanzado?
3. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que se está a facer unha boa labor na execución da lei? Estase facendo un seguimento desta execución?
4. Están sendo levadas a cabo accións concretas por parte da Xunta de Galicia no eido das accións educativas que teñan amosado un bo resultado? Cales?
5. Cree o Goberno galego que están postos a disposición os recursos necesarios para o desenvolvemento das accións educativas e a vixilancia para as intervencións regulamentarias que implica a lei?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2018 16:39:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2018 16:39:52

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26562(10/POC-004329)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á posta en marcha no Hospital de Verín dunha unidade de hospitalización a domicilio (hado), a reapertura da Unidade de Coidados Paliativos e o establecemento da base do 061 nese hospital, así como o futuro do Servizo de Pediatría tras a xubilación do actual pediatra

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatización levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano.

O Hospital de Verín é un claro exemplo desta política de deterioro de servizos públicos. A Unidade de Coidados Paliativos non existe, dende a entrada na xerencia da prima do presidente Feijóo, e o servizo, que dalgunha maneira tamén podería cubrir esta circunstancia, como o servizo de HADO, anunciase constantemente pero nunca se converte en realidade. Outro exemplo deste desmantelamento prodúcese en traumatoloxía, que antes contaba con 4 facultativos e ágora está na metade, con aumento desmesurado das listas de espera que provoca as derivacións constantes á sanidade privada.

Ademais de servizos e problemas concretos característicos do Hospital, existen no mesmo demandas que resultan comúns a todo o Sistema Galego de Saúde, como a falta de persoal en xeral, producíndose situacións nas que unha soa auxiliar debe atender a máis de 20 pacientes.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:55
Nº Rexistro: 26562
Data envío: 20/02/2018 17:55:04.146



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes

PREGUNTAS:

- Cal é a data exacta na que pensan poñer en marcha o servizo HADO?
- De canto persoal van dotar este servizo?
- Teñen pensado abrir novamente a Unidade de coidados paliativos?
- Pensan dar resposta á demanda de persoal que existe no Hospital?
- Cando se vai levar a cabo o compromiso de establecer no Hospital a base do 061?
- Que vai pasar con servizo de pediatría cando se xubile o pediatra?
- Consideran que a política de xestión sanitaria que están a levar a cabo resulta a máis axeitada para manter un servizo sanitario público e de calidade?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 17:49:51

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 27570(10/POC-004457)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación coa incidencia dos recortes levados a cabo polo Goberno central no servizo de atención sanitaria do aeroporto de Lavacolla, de Santiago de Compostela, os datos referidos ao seu funcionamento e á garantía da súa cobertura de xeito continuado os 365 días do ano

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:59
Nº Rexistro: 27570
Data envío: 08/03/2018 12:59:57.410

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á calidade e salvagarda pública do servizo sanitario no aeroporto de Lavacolla.

Os aeroportos galegos e nomeadamente o aeroporto de Lavacolla son un elemento fundamental para conectarnos internacionalmente e para conectar o mundo co noso país. Neste ámbito entran en conxunción multiplicidade de factores e un dos elementos nos que compiten é tamén a calidade da atención. Neste sentido, un dos elementos diferenciais deste aeroporto ten sido a atención sanitaria dentro das súas instalacións xa que, a diferenza do que acontece con outros aeroportos do Estado, foi e é pública e polo tanto gratuíta. Este servizo non só atende a traballadores e traballadoras no caso de o precisar, senón que constitúen un servizo elemental para moitas e moitos pasaxeiros que pasan polo aeroporto e que ao final do ano superan os dous millóns e medio de visitas.

Ademais, cómpre ter en conta varios factores que fan deste servizo médico público unha necesidade. Dunha banda, a distancia de máis de quince quilómetros do aeroporto a respecto dos centros sanitarios de referencia de Santiago de Compostela e a orografía e distancia física á que se suman as inclemencias do tempo, que fan que no caso de precisar unha determinada urxencia haxa un tempo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:59
Nº Rexistro: 27570
Data envío: 08/03/2018 12:59:57.410

mínimo de espera que no caso de ter un servizo médico para a atención básica vese reducido e minóranse, polo tanto, os riscos. Doutra banda, cómpre ter en conta que o aeroporto de Santiago de Compostela é clave nos voos transoceánicos e que é o único H24 do norte do Estado español polo que se converte nun aeroporto chave en cuestións de emerxencia.

Neste sentido, resulta evidente que a estratexia privatizadora de AENA e os seus servizos trae consecuencias negativas para o desenvolvemento das actividades do aeroporto de Santiago de Compostela, tamén no ámbito da garantía da saúde. A todo isto súmase a opacidade e falta de axilidade dunha xestión decidida desde Madrid ao tratarse dunha infraestrutura que malia ser de interese xeral para o pobo galego non ten transferidas para Galiza as competencias.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión 5ª:

- Que actuacións tomou ou vai tomar o goberno galego diante dos recortes que vén experimentando o servizo sanitario do Aeroporto de Santiago de Compostela por parte do goberno central?

- Coñece o goberno galego se conta o Aeroporto de Santiago con algún punto de atención sanitaria nas súas instalacións? En caso afirmativo, en que horario e cantos días o ano está a disposición de persoas pasaxeiras, usuarias e traballadoras do aeroporto?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:59
Nº Rexistro: 27570
Data envío: 08/03/2018 12:59:57.410

- Ten experimentado o servizo sanitario público galego algunha dificultade polo progresivo desmantelamento deste servizo sanitario?

- Coñece a Xunta de Galiza con que persoal conta para isto? Está garantida a cobertura do servizo sanitario de xeito continuado os 365 días do ano con ese persoal no horario operativo do Aeroporto?

- Coñece o goberno galego cantos avións foron desviados a Lavacolla dende o 2014 por emerxencia médica?

- Durante os anos 2014 a 2017, cantas foron as ocasións que houbo que avisar o 061 para atender a persoas na terminal e nas zonas achegadas?

- Durante os anos 2014 a 2017, en cantas ocasións se ten coñecemento de que foran as e os propios cidadáns directamente os que contactaran co 061 dende o Aeroporto? Coñécense as razóns polas que solicitaron dita axuda sanitaria?.

- Coñece o goberno galego cales son as razóns para que non se convoque ningunha praza de ATS para Santiago de Compostela?

- Coñece o goberno galego que razóns hai para deixar servizos sen cubrir (Documento de Política Sanitaria Estatal, etc.) e que valoración fai ao respecto?

- Ten constancia o goberno galego dalgún atraso provocado pola demora no atencemento dos servizos galegos?

-Tense dirixido ao goberno central para demandar a cobertura deste servizo en mellores condicións?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:59
Nº Rexistro: 27570
Data envío: 08/03/2018 12:59:57.410

- Considera que está o aeroporto preparado para recibir o aumento de visitas previsible por mor do Xacobeo?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 12:57:21

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 12:57:26

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 12:57:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 12:57:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:59
Nº Rexistro: 27570
Data envío: 08/03/2018 12:59:57.410

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 12:57:31

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 12:57:33